



ACORDO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DUN POSTO DE PERSOAL DIRECTIVO NA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL.

CÓDIGO: AGDR 03 00 00

DENOMINACIÓN: SUBDIRECTOR/A DE RELACIÓNS COS GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL

PRIMEIRO: A convocatoria da praza publicouse no *DOG* núm. 190, do 2 de outubro de 2024, mediante o Anuncio do 24 de setembro de 2024.

Optaron a praza un total de tres candidatos. En virtude da Resolución da directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, do 28/10/2024 resultou admitida no proceso de selección Francisca María Gago Guillán, excluíndose aos outros dous candidatos presentados.

SEGUNDO: O 04/11/2024 constituíuse o tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura do posto de subdirector/a de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural, nomeado pola Resolución da Dirección xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, do 18/10/2024.

TERCEIRO: O tribunal, en sesións do 04/11/2024 e do 05/11/2024, valorou os méritos alegados pola única candidata admitida no proceso, Francisca María Gago Guillán, correspondentes á primeira fase do proceso de selección, de acordo co establecido na base décimo primeira que rexe este proceso de selección.

PRIMEIRA FASE	Puntuación máxima	Puntuación obtida
Experiencia Laboral	20	20
Formación	10	10
Plan de actuación	25	16,7
Total	55	46,7

CUARTO: En sesión do 13/11/2024 reuniuse de novo o tribunal, coa asistencia da candidata admitida no proceso, para a exposición do Plan de actuación, que constitúe a segunda fase do proceso de selección.

Logo da presentación do Plan de actuación por parte da candidata, o tribunal ACORDA cualificar a exposición con 4,75 puntos.

-PUNTUACIÓN PROVISIONAL DA SEGUNDA FASE DO PROCESO DE SELECCIÓN

SEGUNDA FASE	Puntuación máxima	Puntuación obtida
Exposición do Plan de actuación	5	4,75



Esta puntuación provisional publicárase na páxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Establécese un prazo de tres días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación deste acordo na páxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para que a interesada poida presentar as reclamacións que considere oportunas

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
O presidente do tribunal
(Resolución da Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural do 18/10/2024)
Bruno Fernández González.

